

A DESCRIPCIÓN DO MÉTODO

IVÁN GARCÍA CAMPOS RETRATA NA SÚA PRIMEIRA NOVELA, «O IMPOSIBLE DE DESATAR», PREMIO BLANCO AMOR, A UNHA FAMILIA CORRENTE COS SEUS DEMOS FAMILIARES

Hai familias que non se molestan en gardar os seus cadáveres nos armarios. Nen sequera estando Ikea na Coruña. Mantéñenos en circulación como zombies ben coidados porque a mobilidade é unha das grandes vantaxes do almacenamento contemporáneo. As familias seguramente son o gran territorio bélico de Occidente, un espazo de demos e fantasmas, un territorio de conversa tópica e incomunicación cotiá. Non hai que asustarse. Non todas son así. Só a maioría. As dos demais.

É unha familia de aparencia normal a protagonista de *O imposible de desatar*, primeira novela de Iván García Campos, premiada co Blanco Amor na súa última edición. *Aparencia e normal* son dúas palabras cun campo semántico demasiado grande, tan grande que permite todo tipo de confusións de xeito que se utilizan case sempre como un excluínte. No caso das familias, máis. Quizais por iso García Campos fai da observación un método e da aproximación unha estratexia que evite o choque frontal. Os parentes vistos de fronte, como nas fotos dos vellos libros de familia, ocultan todo: habería que sacar a lupa e fixarse nos detalles. Este é o método da novela: a descripción metódica e incansable



EDUARDO PÉREZ

García Campos retrata a sociedade actual a través dunha familia

dos detalles. Colocar ao lector como un espectador que tivese a habilidade de volverse invisible ante os actos cotidianos da familia. Pasearse polo salón, asomarse aos dormitorios e remexer nos armarios. Flotan mesmo os cheiros particulares. Esas cousas que definen sen querer.

A descripción é, neste caso, unha potente ferramenta narrativa. Primeiro porque establece unha paisaxe onde as cousas que poderían ser tomadas como normais non son así para o lector. Segundo

por que marca ese dobre territorio da comunicación: a formal e a implícita. As palabras e os silencios. Marca con precisión a distancia entre o que se debe dicir e se di e aquilo que permanece no silencio e que, en realidade, evita a guerra frontal para manter viva a guerra fría. Para contar esa guerra, o autor practica a táctica do flanqueo, superar polos lados, ofrecerlle ao lector aquelas perspectivas nas que a familia actúa como un conxunto baleiro.

O libro, aínda non sendo volu-



NOVELA

«O imposible de desatar»

Iván García Campos. Galaxia. 216 páxinas. 15 euros. ***

minoso, non repara nos gastos dos detalles. Vai marcando con seguridade o carácter dos personaxes e o carácter das relacións, vai deixando constancia microscópica das manías que tantas veces son entendidas polos seus donos como dereitos.

A novela desarma as aparencias porque ese é o único xeito de entrarlle a unha familia. É un traballo minucioso como se o autor fose consciente de que meterse en fregados coa familia, unha institución claramente resistente, precisa de probas contundentes e actitudes firmes.

E a novela compórtase de xeito contundente pero aínda deixa ao lector a posibilidade de recompoñer a historia, de ir recolocando os datos para que no retrato último haxa identificacións propias. Como se fose algo máis que unha novela.

Camilo Franco

UNHA COSMOGRAFÍA COLECTIVA DA MORTE

Tras *A esmeralda branca* (2006), galardoado co premio da crítica de poesía galega, Manuel Vilanova non abandona os vieiros que o sinalan como unha das grandes voces da lírica galega contemporánea como ben confirma este novo libro, malia o seu certo silencio receptivo até o de agora.

Non hai aquí, polas similitudes que se poderían atopar entre a primeira parte do seu título e a famosa película de Glauber Rocha, que transformou en imaxes o destino de Antônio das Mortes, vinculación ningunha entre as dúas pezas creativas, a non ser, e moi de lonxe, polo encontro daquel personaxe con mitos de todo tipo na súa volta ao Sertão e porque presenciamos en ambos os casos, dito con palabras do poeta, propostas que falan «da morte coa angustia excesiva dun idilio». Este Antonio das Mortes, deseñado por alguén que «o escribe con estereotipos ritualizados de orde verbal», é quen de modificar a súa aparencia, amósase ás veces como bardo e ás veces como *deus ex maquina*, viaxa a través das diacronías, está «nos días cotiáns e nos días históricos» e «ataca as virtudes con abafos, / enche de desprezo os talentos, / vén de lonxe e

toma o fondo das almas»... Ao contrario, ou como contrapunto, eríxese a Muller de Verde, entidade que pode redimensionar a eternidade, que é o humus nutricional, o espazo susceptible de ser habitado cheo de resplandor e luz, probablemente Galicia espellada nunha muller tallada en migallas polo poeta como se fose unha miniatura e «que non ten alma: é alma».

Vilanova oficia como unha sorte de sacerdote que se desvela en cada verso aludindo aos alicerces formativos que se transparentan nestas páxinas como son «a natureza híbrida dos meus intereses / a literatura comparada, a antropología / funeraria, as artes e as áreas / onde a poética e a filosofía comunican / momentos densos...». Velaquí esoutro eu de Antonio das Mortes que «canta cantigas de alba / á espera de que a morte / me veña a buscar», construíndo deste xeito algo que se podería denominar como unha cosmografía colectiva da morte, neste caso da man dun edafólogo que se asoma ás fronteiras da natureza e do añado gume que divide os dous lados.

É palmario, e non hai razón para obviar, como se configura un lector moi activo, ao que se lle esixen

as necesarias doses de complicidade para que, desde o comezo, acompañe a ese personaxe nunha viaxe na que irá «cismando na vertixe da carraxe». Esta perspectiva serve para nos convidar a adentrarnos nun universo de historias fragmentadas e ao tempo compactadas pola presenza desoutro eu, ese Antonio das Mortes deseñado como un personaxe que alenta na súa tanatofilia, adoptando por veces tonalidades visionarias que abalan entre a pregaría, o aguillón satírico ou a dimensión profética nas que prevalecen as historias de naufraxios e ausencias, para desvelar aquí e acolá outras realidades. Talvez sexa esta orientación, onde o peso dunha ollada antropolóxica parece ser preeminente, a que fai que comprendamos as cousas, as xentes e as historias de xeito desemeillante, coma se caese a venda que todo oculta.

Por último, á inexcusable filiación cultista, pragada de referencias mitolóxicas e lendarias, únese a inevitabilidade da morte que para polo poemario, a carón da dimensión continxente do ser humano que se dá a man co mundo dos afectos, das cousas, da historia, dos espazos amados —o Miño, Oseira, o Ribeira,



POESÍA

«Antonio das Mortes e a Muller de Verde»

Manuel Vilanova. Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Col. Esquivo de Poesía CXVIII, 208 páxinas, 15 euros.***

ro, Barbantes, Vigo...— nun intento de abranger todo ese territorio da Muller de Verde.

Un enorme mosaico, así pois, en boa parte turbador, construído desde as instancias da reflexión, da rabia e da desesperanza a través de multitude de teselas que desean un universo rico, denso, tenso e antitético.

Ramón Nicolás

CALIFICACIÓN

*** MUY BUENO

** BUENO

* CORRECTO

● MEJORABLE